

PARA OS/AS AMANTES DO CINE CIENTIFICO...



Fahrenheit 451



Fahrenheit 451 é a temperatura á que arde o papel dos libros. Guy Montag, un disciplinado bombeiro encargado de queimar os libros prohibidos polo goberno, coñece a unha revolucionaria mestra que se atreve a ler. Deste xeito, convértese nun fuxitivo obrigado a escoller non só entre dúas mulleres, senon entre a súa seguridade persoal e a súa liberdade intelectual

Serie de documentais: MUY INTERESANTE



1. ¿Estamos solos?
2. La sexta extinción
3. Cerebro: el último enigma
4. Energía: el gran desafío

**TODAS ELAS DISPOÑIBLES NA
BIBLIOTECA.
¡¡PÁSATE POR ALÍ!!**

La
IES POETA ANÓN
Biblioteca

**SI QUERES SABER SE TEMOS UN
LIBRO OU PELÍCULA CONSULTA O
NOSO CATÁLOGO WEB EN: [http://
www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)**

OUTES *La*

**BIBLIOTECA IES POETA ANÓN
COFRE DE MAHOMA**

GUÍA DE LECTURA

LIBROS con CIENCIA
3º TRIMESTRE
CURSO 06-07

ANO da
CIENCIA
2007



**“O que sabemos é unha
gota de auga; o que
ignoramos un océano”.**

Isaac Newton (1643-1727)
(Físico e matemático)

NORMAS DE USO DO COFRE

- O cofre iniciará unha nova viaxe polas aulas o LUNS 21 DE MAIO
- Permanecerá un día enteiro en cada aula de 1º e 2º ESO empezando por 1º A
- Poderás mirar os libros, ollalos e mesmo levar algún a casa. Para elo deberás:
- Coller a ficha amarela do seu interior e anotar o teu nº de lector/a e o teu nome. Na ficha branca pegada no libro anota a data en que deberás devolvelo (15 días a partir da data en que o colles)
- Introducir a ficha amarela no sobre (co nome da túa aula) que atoparás no interior do cofre
- Devolver o material na biblioteca. Tes un prazo de 15 días (renovable)

**NO INTERIOR DESTE FOLLETO HAI LIBROS PARA QUEN
QUEIRA COÑECER MELLOR O NOSO MUNDO E CONTRIBUIR
A MELLORALO.
ATOPARÉDELOS NO COFRE**

CIENCIA PARA INEXPERTOS

¿Por qué la nieve es blanca? de J. Fdez. Panadero Ed. Páginas de Espuma (2005)

Por que a neve é branca Por que o pegamento non se pega cano o bote está pechado? Por que titilan as estrelas? Que son os tsunamis Como funcionan as pantallas de cristal líquido? Que é a alerxia? Que é o colesterol? ... Neste libro poderás atopar as respostas a estas preguntas e a outras moitas (ata 202) explicadas dun xeito comprensible para calquera persoa.



Alucina con las mates de Johnny Ball Ed. SM

Pensas que as matemáticas son aburridas? Pénsao de novo. Propoñémosche unha viaxe polo infinito e o máis aló, Unha viaxe chea de demostracións, resolución de problemas, xogos de inxenio, trucos de maxia, laberintos... onde demostrarás ser máis listo e rápido que unha calculadora.

Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas de Xurxo Mariño Alonso. Consello da Cultura Galega (2005)

Fermosa colección de reflexións persoais cheas de humor ofrecidas cun tratamento divulgativo. Terás ocasión de ver moitas cuestións propias da vida común, tratadas dende unha perspectiva científica



Cuestiones curiosas de ciencia Ed. Alianza Editorial (2003)

Este libro pon ó alcance de todos ducias de cuestións curiosas de ciencia: Astronomía, Bioloxía, o ser humano, Química, Ciencias da Terra, Matemáticas, Física...

... E CIENCIA – FICCIÓN

Big Bang de Xoán Bernárdez Villar. Xerais (1996)

Un grupo de astronautas chega ó Terceiro Planeta á procura de varios compañeiros misteriosamente desaparecidos. Mentres tanto, ten lugar a magna convulsión que produce uns cambios ambientais e ecolóxicos que case conseguen a amputación traumática da vida no planeta...



Mutaciones xenéticas de Fina Casallerrey Xerais 1998

Hadrián vai realizar o seu bautismo de voo. Pensa que as primeiras vacacións que pasará fóra do seu país serán as máis aburridas da súa vida porque convivirá cun estraño ser, ó que nin sequera coñece. Estes resultarán ser 30 días de abraiante descubrimentos, ata o extremo de que Hadrián será o protagonista na solución dun terrible problema...

La guerra de los mundos de H.G. Wells Alianza Editorial 2005

Relato trepidante que narra a invasión da Terra polos marcianos e que supuxo por vez primeira a irrupción de seres doutro planeta no noso.



Ariadna de Xosé Miranda Ed. Xerais (2002)



Adriana e Ariadna son dúas irmás xemelgas que chegan ata o Vello Planeta nunha viaxe de pracer. Alí atópanse cunha banda de foraxidos, con criaturas nativas semihumanas e cun científico coroado por un nimbo de luz. Hai unha rapaza robot, que se cre humana e un rapaz de ollada triste e andares estraños. No seu primeiro día de estancia no planeta saen á caza de unicornios.

De la Tierra a la Luna de Xulio Verne Ed. El País (2004)

O Gun-Club, centro de investigación de armamento, quedou estancado trala guerra de Secesión. Por esta razón, apoian o innovador proxecto do profesor Barbicane para lanzar unha nave ó espazo. Por desgracia, a nave queda xirando ó redor da Lúa, por algunha estraña causa

